



SI

As mulleres no sector TIC. Ano 2015

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2015

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza
dispoñible en: <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



Índice

1. Introducción
2. Contextualización
3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia
 - 3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC
 - 3.2. O emprego no sector TIC galego dende unha perspectiva de xénero
 - 3.3. O emprego no Sector Contidos en Galicia dende unha perspectiva de xénero
 - 3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas
 - 3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas
4. Conclusións

1. Introducción

A pesar das altas taxas de desemprego que se están a vivir na actualidade, o sector TIC continúa incrementando a súa empregabilidade en todos os seus ámbitos.



Esta bonanza laboral non pode ser obviada pola metade do mercado laboral, as mulleres, de ahí a existencia deste monográfico, no que se pretende alertar da escasa presenza feminina existente neste sector emerxente.

Obxectivos

- **Contextualización** da situación da muller europea no sector TIC
- Presentar **datos actualizados** sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC en xeral e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.
- Identificar as súas **funcións e roles** no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o **nivel de formación** das mulleres galegas nas empresas TIC identificando as súas principais deficiencias.

Fontes de información:

- ➔ Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas - OSIMGA 2015.
- ➔ Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social (2011-2015)
- ➔ “Axenda dixital para Europa 2020”
- ➔ “Axenda dixital para España”
- ➔ “Axenda dixital para Galicia 2020”
- ➔ Eurostat



2. Contextualización




Importancia das TIC

Os especialistas nas TIC defínense como aqueles profesionais que teñen a capacidade de desenvolver, operar e manter sistemas TIC, e para os que as TIC constitúen a parte principal do seu traballo (OCDE, 2004).



Segundo apunta a Comisión Europea, as TIC son o detonador de cambios importantes nos métodos de produción e patróns de emprego.

Contar cun grupo de traballadores/as especializados en TIC é un factor estratéxico para garantir a competitividade dun país e incrementar o seu desenvolvemento.




Evolución das mulleres nas TIC en Europa

A maior parte dos postos de traballo de especialistas TIC está desenvolvido na actualidade por homes.

Dos case 2 millóns e medio de postos de traballo novos que se crearon nas TIC dende o ano 2005, tan só un 8,7% foi ocupado por mulleres.

Evolución do número de especialistas do sector TIC segundo xénero.




Datos Europa: Eurostat ICT specialists by gender 2015

Comparativa territorial

A presenza de homes no sector TIC é maioritaria, tanto no ámbito europeo como no estatal, superando o 81% en ambos os dous casos.

Comparativa de especialistas do sector TIC segundo xénero.




Datos Europa, España: Eurostat ICT specialists by gender 2014


Datos Galicia: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

A escasa presenza feminina entre os profesionais de áreas técnicas vese agravada pola reducida porcentaxe de mulleres matriculadas en formación superior nestes ámbitos.

Matriculados/as en Enxeñería e Arquitectura segundo xénero.




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte




En relación aos titulados/as en carreras técnicas, mantense a fenda de xénero, aínda que en menor medida que no caso dos matriculados/as, relegando ao sector feminino a un segundo plano. Tanto no caso de matriculados/as como no de titulados/as é menor a fenda de xénero en Galicia que no conxunto do Estado


Persoas tituladas en formacións de Enxeñería e Arquitectura segundo xénero.



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte



A situación crítica que está a vivir o sector feminino no ámbito tecnolóxico, fai que as distintas Administracións Públicas establezcan políticas e medidas nas seguintes liñas estratéxicas:



“A tecnoloxía pode reducir considerablemente a desigualdade entre homes e mulleres, a condición de que non sexa esta mesma a fonte de desigualdade”.

CHERYL D. MILLER.

Asesora da Comisión Europea en igualdade de xénero

Dende Europa son diversas as iniciativas desenvolvidas para fomentar a participación das mulleres no ámbito TIC, concentrándose todas elas na AXENDA DIXITAL EUROPEA 2020.



DIGITAL AGENDA FOR EUROPE

A Europe 2020 Initiative

A Axenda contén os retos marcados pola Comisión Europea en materia tecnolóxica no limiar do ano 2020.

O pilar VI da axenda especifica que os países deben crear as súas propias follas de ruta para acadar os obxectivos de igualdade de xénero no sector TIC.



Iniciativas desarrolladas en Europa

EQUALITEC

EQUINET

EUROPEAN PROFESSIONAL WOMEN'S NETWORK

WOMEN DIRECTORY

WOMEN IN TECHNOLOGY

WORLD ASSOCIATION OF WOMEN ENTREPRENEURS (FCEM)



Iniciativas desenvolvidas en Europa

EQUALITEC

Proxecto europeo que ten como obxectivo principal promover oportunidades profesionais para as mulleres e apoiar as súas contribucións ao impulso e implementación de tecnoloxías dixitais, a fin de suscitar un cambio socio cultural

EQUINET

Equinet é unha rede europea de organismos de igualdade, que reúne a 33 organizacións de 28 países europeos, co obxectivo de combater en favor da igualdade, con independencia da idade, discapacidade, xénero, raza, relixión ou orientación sexual. A organización trata de fomentar a igualdade na práctica, ao facilitar as contribucións, ademais de crear unha voz máis forte dos organismos nacionais sobre igualdade nun debate europeo máis amplo, mediante a promoción e a organización.

EUROPEAN PROFESSIONAL WOMEN'S NETWORK

A súa misión é promover o progreso profesional das mulleres en todas as etapas da súa carreira, potenciar o seu liderazgo a través do mentoring, a formación e a creación de redes, ademais de alentar ás empresas para recoñecer a necesidade de novos enfoques de xestión diversos e innovadores mediante a visibilización das experiencias de éxito das mulleres.

Iniciativas desenvolvidas en Europa

WOMEN DIRECTORY

O Directorio Europeo da Muller e as TIC foi desenvolvido como ferramenta para incorporar máis mulleres no sector tecnolóxico. É un espazo que dá cabida a todos os interesados xa sexan entidades públicas, privadas, académicas, ONG, redes, grupos, proxectos cuxo interese sexa aumentar o número de mulleres na economía do coñecemento en xeral e nas TIC en especial.

WOMEN IN TECHNOLOGY

É un portal dirixido principalmente a mulleres que traballan ou están interesadas en incorporarse na tecnoloxía. Tamén esta enfocado á empresa do sector tecnolóxico que busca incorporar mulleres nos seus equipos de traballo. O seu obxectivo é axudar ás mulleres para desenvolver unha carreira exitosa e satisfactoria na industria das TIC.

Organizan periodicamente eventos de networking, tanto formais como informais, para que as mulleres profesionais das TIC poidan reunirse e discutir os problemas aos que se enfrontan neste sector. Brindan tamén información sobre cursos de formación e asesoramento para o desenvolvemento profesional, ademais de tratar temas en profundidade sobre os asuntos crave que afectan o sector das TIC e as persoas que traballan no sector.

WORLD ASSOCIATION OF WOMEN ENTREPRENEURS (FCEM)

Asociación sen ánimo de lucro pioneira en unir as mulleres empresarias de todo o mundo. O sitio web é unha ferramenta para optimizar o uso das TIC, entre outros motivos, porque permite aumentar o fluxo de información e a comunicación das accións e actividades que realiza o FCEM, os seus membros, institucións internacionais e o público en xeral. É un portal dinámico que ofrece as seguintes vantaxes: estrutura dinámica, inclúe ligazóns aos sitios web das asociacións membros FCEM e a outros sitios web útiles, ademais de vínculos coa Asociación Plataforma.

A nivel estatal, o “Ministerio de Industria, Enerxía y Turismo” e o “Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas”, creou a súa propia Agenda Digital 2020 para España, deseñando as estratexias necesarias para cumprir os obxectivos marcados por Europa para a igualdade entre homes e mulleres no sector TIC.




Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes na Sociedade da Información → realización de talleres formativos, formación online e formación para a empregabilidade das mulleres rurais e en risco de exclusión.

Plan de Acción para a Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes na Sociedade da Información 2014-2017 → 121 actuacións dirixidas a aumentar a presenza e a participación das mulleres nas TIC, a mellorar os contidos dixitais específicos de interese feminino, fomentar o uso dos servizos públicos dixitais e propiciar a confianza e seguridade das mulleres no ámbito dixital.

Plan de Inclusión Dixital e empleabilidade → integra as actuacións, presupostos e plans de traballo de 25 entidades públicas, privadas e do terceiro sector. A estrutura do plan responde ás necesidades detectadas na Axenda de: accesibilidade, alfabetización e igualdade de oportunidades de mulleres e homes nas TIC.

A Xunta de Galicia, pola súa banda, tamén conta coa Axenda Dixital de Galicia 2020, onde recolle as principais iniciativas que desenvolverá nos próximos anos para diminuír a fenda dixital de xénero na Comunidade Autónoma.




Aproveitamento do potencial das TIC a nivel persoal, profesional e relacional, prestando maior atención aos colectivos en risco de exclusión, concretamente ás mulleres, ofertando una serie de servizos específicos para continuar reducindo a fenda dixital.


Impulso das vocacións tecnolóxicas e os novos perfis dixitais, mediante a colaboración da Xunta de Galicia, as universidades e o Sector TIC.

Promoción de carreiras tecnolóxicas facéndoas máis atractivas entre as mulleres, para propiciar un perfil vocacional feminino, e polo tanto, incrementar a participación destas no mercado tecnolóxico.

3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia




3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo. Ano 2015

	% de mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	33,1%	33,8 puntos
Sector Contidos	41,5%	17,0 puntos
Hipersector TIC	35,1%	29,8 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Na globalidade do Hipersector TIC, a porcentaxe de mulleres traballadoras é do 35,1% situándose a fenda de xénero en 29,8 puntos porcentuais.


O dato máis positivo rexístrase no Sector Contidos, cun 41,5% de mulleres, diminuindo a fenda a 17 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo. Evolución 2013-2015

Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	37,7%	62,3%
Sector Contidos:	41,4%	58,6%
Hipersector TIC:	38,6%	61,4%

Ano 2014		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	33,4%	66,6%
Sector Contidos:	40,7%	59,3%
Hipersector TIC:	35,3%	64,7%

Ano 2015		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	33,1%	66,9%
Sector Contidos:	41,5%	58,5%
Hipersector TIC:	35,1%	64,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A afiliación á Seguridade Social no Hipersector TIC incrementouse no último ano en 1.195 persoas (un 6,1%), aumento derivado exclusivamente do Sector TIC, onde o número de afiliados incrementouse en 1.283 persoas (un 8,9%).


A fenda de xénero do sector contidos diminuíu en 1,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2014, manténdose no Hipersector en termos similares ao ano 2014.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime. Evolución 2013-2015

Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,9%	59,1%
Autónomas:	29,1%	70,9%

Ano 2014		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	37,2%	62,8%
Autónomas:	28,2%	71,8%

Ano 2015		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	37,1%	62,9%
Autónomas:	27%	73%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


No Hipersector TIC, os afiliados/as no réxime xeral da Seguridade Social aumentaron en 1.240 persoas (un 8%), sendo 439 o incremento de mulleres neste réxime de cotización (un 7,6%). Non obstante, o sector feminino deixa nun segundo plano o emprendemento dentro do Hipersector TIC, acadando só un 27% de presenza feminina no réxime especial de autónomos do Hipersector TIC (1,2 puntos porcentuais menos que no ano anterior).

3.2. O emprego no sector TIC galego desde unha perspectiva de xénero



Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por sexo. Evolución 2011-2015

	Mulleres	Homes
ANO 2011:	38,6%	61,4%
ANO 2012:	38 %	62%
ANO 2013:	37,7%	62,3%
ANO 2014:	33,4%	66,6%
ANO 2015:	33,1%	66,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social


O 33,1% dos traballadores do sector TIC en Galicia son mulleres. Esta porcentaxe ven descendendo de maneira paulatina ano a ano, incrementándose polo tanto a fenda entre homes e mulleres ata acadar os 33,8 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por réxime. Evolución 2013-2015

Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,2%	59,8%
Autónomas:	28,6%	71,4%

Ano 2014		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	35,2%	64,8%
Autónomas:	27,4%	72,6%

Ano 2015		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	34,9%	65,1%
Autónomas:	25,9%	74,1%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

No último ano, o ascenso de traballadores/as do sector TIC no Réximen Xeral foi notable (un 12%). No caso das mulleres, o incremento foi dun 11,1%.

No caso do Réxime Especial de Autónomos o número global descendeu, debido ao descenso máis no caso das mulleres.

Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por subsectores económicos. Ano 2015



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

O sector das Telecomunicacións é o que conta cunha maior porcentaxe de mulleres entre os seus traballadores, acadando un 36,6%. No resto de sectores non se sobrepasa o 33%, situándose na peor posición para a presenza feminina o sector de Comerciais TIC, no que non se acada o 30%.

A continuación, desglosanse os datos de cada un dos cinco subsectores económicos que conforman o sector TIC


1. Manufactureiras TIC



2. Telecomunicacións



3. Actividades Informáticas



4. Comerciais TIC



5. Outros servizos TIC



1. Manufactureiras TIC. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2015



% de mulleres


CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos: 30,6%

CNAE 262: Fabricación de ordenadores: 10,5%

CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións: 37,6%

CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo: Sen datos (*)

TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC: 32,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

2. Telecomunicacións. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2015



% de mulleres


CNAE 611: Telecomunicacións por cable: 37,0%

CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos: 14,9%

CNAE 613: Telecomunicacións por satélite: Sen datos (*)

CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións: 35,5%


TOTAL TELECOMUNICACIÓNS: 36,6%



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3. Actividades informáticas. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2015




% de mulleres

CNAE 620: Actividades de programación o consultaría: 33,1%

CNAE 631: Procesos de datos: 25,3%

TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS: 32,8%



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


4. Comerciais TIC. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2015



% de mulleres

TOTAL COMERCIAIS TIC (CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores) : 29,8%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros servizos TIC. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2015




% de mulleres

CNAE 582: Edición de videoxogos: 27,5%

CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos: 31,1%

TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC: 30,6%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3.3. O emprego no Sector Contidos en Galicia dende unha perspectiva de xénero



Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por sexo. Evolución 2011-2015



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social


O Sector Contidos, un ano máis, é o que rexistra unha maior paridade entre homes e mulleres, aínda que a balanza continúa a favor do xénero masculino. A porcentaxe de mulleres neste sector sitúase no 41,5%, incrementándose no último ano en 0,8 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime. Evolución 2013-2015

Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	43%	57%
Autónomas:	31,6%	68,4%

Ano 2014		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	42,3%	57,7%
Autónomas:	31,5%	68,5%

Ano 2015		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	43,3%	56,7%
Autónomas:	31,6%	68,4%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

De xeito similar ao Sector TIC, a fenda de xénero é superior no ámbito dos emprendedores (autónomos/as) que no caso do réxime xeral. É destacable que no Sector Contidos, a presenza de mulleres emprendedoras é 5,7 puntos porcentuais superior ás emprendedoras do Sector TIC.

A continuación, desglósanse os datos de cada un dos dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos por CNAE - 2009

1. Edición de libros e actividades relacionadas con: cine, TV e son



2. Medios de información



1. Edición de libros e actividades relacionadas con: cine, TV e son Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2015




% de mulleres

CNAE 581: Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais: 43,2%

CNAE 591: Actividades cinematográficas, de video e de programación de televisión: 42,3%

CNAE 592: Actividades de grabación de sonido e edición musical: 16,7%


TOTAL SECTOR CONTIDOS: 42,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de información. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral, Ano 2015




% de mulleres

CNAE 601: Actividades de radiodifusión: 42,5%

CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión: 36,6%


CNAE 639: Outros servizos de información: 43,7%

TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN: 39,7%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas



Titulación do persoal segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Mentres que o 34,9% dos traballadores do sector TIC son homes que contan con formación TIC de grao medio ou superior, só o 11,2% dos traballadores son mulleres que dispoñen da mesma formación académica.

Tamén cabe salientar a significativa fenda existente nos ciclos formativos superiores TIC: 16,6% de homes fronte a tan só un 2,7% de mulleres.


Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con titulación TIC superior



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con titulación TIC media



Base: Empresas TIC con asalariados/as


Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Ao redor de unha de cada catro empresas TIC galegas ten empregada algunha muller con titulación TIC superior ou media, concretamente:

- Un 16,4% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación superior TIC
- Un 7,1% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación media TIC

Estas porcentaxes continúan a ser escasas, polo que as políticas de educación deberían fomentar aínda máis a presenza de mulleres na formación tecnolóxica e promover a súa incorporación as empresas tecnolóxicas.


Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con Ciclos Formativos Superiores TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con Ciclos Formativos Medios TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as


Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

O 16,2% de empresas TIC de Galicia ten empregadas mulleres con ciclos formativos TIC, preferentemente ciclos formativos superiores relacionados coas tecnoloxías. A porcentaxe de empresas TIC que emprega mulleres que contan con ciclos formativos TIC superiores ou medios é inferior á de tituladas TIC.

3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas



Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Dúas de cada tres empresas TIC galegas (65,2%) contan con mulleres entre o seu persoal, aínda que, tan só no 11,4% das empresas TIC, as mulleres representan máis da metade do seu persoal.


Empresas TIC nas que máis da metade do persoal son mulleres



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Funcións desenvolvidas segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio. Así

- Só o 13,7% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 51,8% dos homes
- En relación ao persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (12,1%) é só 1,3 puntos inferior á dos homes (13,4%)


Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Distribución media do persoal en I+D+i segundo o sexo



Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2015

Dentro das TIC galegas, tan só un 18,6% de empresas TIC contan con mulleres directivas, o que denota unha vez máis a enorme dificultade do xénero feminino para acadar postos de responsabilidade.

A preponderancia do sector masculino no persoal adicado a I+D+i faise patente na gráfica anterior, onde a fenda dixital acada os 66 puntos porcentuais.

4. Conclusiones



- ➔ Na globalidade do Hipersector TIC, a porcentaxe de mulleres traballadoras é do 35,1% situándose a fenda de xénero en 29,8 puntos porcentuais.

Evolución

- ➔ A afiliación á Seguridade Social no Hipersector TIC incrementouse no último ano en 1.195 persoas (un 6,1%), aumento derivado exclusivamente do Sector TIC, onde o número de afiliados incrementouse en 1.283 persoas (un 8,9%).
- ➔ A fenda de xénero do sector contidos diminuíu en 1,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2014, manténdose no Hipersector en termos similares ao ano 2014.

Emprendemento

- ➔ No Hipersector TIC, os afiliados/as no réxime xeral da Seguridade Social aumentaron en 1.240 persoas (un 8%), sendo 439 o incremento de mulleres neste réxime de cotización (un 7,6%).
- ➔ Non obstante, o sector feminino deixa nun segundo plano o emprendemento dentro do Hipersector TIC, acadando só un 27% de presenza feminina no réxime especial de autónomos do Hipersector TIC (1,2 puntos porcentuais menos que no ano anterior).

Datos específicos do sector TIC e do sector contidos

- ➔ O 33,1% dos traballadores do sector TIC en Galicia son mulleres. Esta porcentaxe ven descendendo de maneira paulatina ano a ano, incrementándose polo tanto a fenda entre homes e mulleres ata acadar os 33,8 puntos porcentuais. O sector das Telecomunicacións é o que conta cunha maior porcentaxe de mulleres entre os seus traballadores, acadando un 36,6%.
- ➔ O Sector Contidos, un ano máis, é o que rexistra unha maior paridade entre homes e mulleres, aínda que a balanza continúa a favor do xénero masculino. A porcentaxe de mulleres neste sector sitúase no 41,5%, incrementándose no último ano en 0,8 puntos porcentuais e diminuíndo a fenda a 17 puntos porcentuais.
- ➔ Tanto no sector TIC como no sector contidos, a fenda de xénero é superior no ámbito dos emprendedores (autónomos/as) que no caso do réxime xeral. É destacable que no Sector Contidos, a presenza de mulleres emprendedoras é 5,7 puntos porcentuais superior ás emprendedoras do Sector TIC.

Formación

- O 34,9% dos traballadores do sector TIC son homes que contan con formación TIC de grao medio ou superior, mentres que só o 11,2% dos traballadores son mulleres que dispoñen da mesma formación académica.
- Tamén cabe salientar a significativa fenda existente nos ciclos formativos superiores TIC: 16,6% de homes fronte a tan só un 2,7% de mulleres.
- Estas porcentaxes continúan a ser escasas, polo que as políticas de educación deberían fomentar aínda máis a presenza de mulleres na formación tecnolóxica e promover a súa incorporación as empresas tecnolóxicas.

Roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas

- A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio. Así:
 - Só o 13,7% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 51,8% dos homes
 - En relación ao persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (12,1%) é só 1,3 puntos inferior á dos homes (13,4%)
- Dentro das empresas TIC galegas, tan só un 18,6% de empresas TIC contan con mulleres directivas, o que denota unha vez máis a enorme dificultade do xénero feminino para acadar postos de responsabilidade.
- A preponderancia do sector masculino no persoal adicado a I+D+i é patente e a fenda dixital acada os 66 puntos porcentuais.

- ➔ De cara a intentar mellorar a situación da muller no sector TIC e co fin de diminuír o máximo posible a fenda de xénero, propóñense as seguintes medidas:

Colaboración entre as Administracións, as Universidades e o propio Sector TIC para potenciar a formación TIC das mulleres, incidindo nesta dende os niveis educativos máis baixos para fomentar a vocación TIC entre as mulleres.

Apoio das Administracións Públicas, do tecido empresarial e das Universidades nas seguintes liñas estratéxicas: Formación nas TIC, Emprego no sector TIC, Emprendemento TIC, Uso de servizos públicos e privados mediante as TIC e Participación nas TIC

A escasa presenza feminina no ámbito emprendedor tamén debe constituír unha preocupación para as Administracións, fomentando a inclusión destas a través de políticas de discriminación positiva.

Creación de programas nas propias empresas para propiciar a igualdade entre homes e mulleres nos seus cadros de persoal, promovendo a súa vez a inclusión das mulleres no ámbito directivo, dándolles potestade para a toma de decisións e o desenvolvemento da propia empresa, poñendo fin así ao teito de cristal.

